

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO
CELEBRADA O VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.**ASISTENTES:Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

Dna. Marta Pico Machado

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dezanove horas e trinta e seis minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Secretaria da lectura da proposta declaración da urxencia, que se transcribe a continuación:

**"1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN PLENARIA
EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28/11/2016.**

Logo do acordo de adjudicación do expediente de contratación da obra "Rehabilitación e ampliación do Mercado Municipal de Ponte deume" o pasado 14.11.2016.

Co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 5ª do Convenio de Colaboración para a financiación do presente contrato, no que se establece que "A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para candansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.

Polo anterior, proponse a **DECLARACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

En Ponte deume, asinado dixitalmente á data sinalada á marxe por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde."



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sométese a votación a proposta, quedando **DECLARADA A URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsDG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Silvia Fornos Permy, e do BNG-AA (2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafin Allegue Freire e **3 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras, do Grupo Municipal do PP (3): Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez.

<<2.- AUTORIZACIÓN PARA PERCIBIR ABONO A CONTA POR MATERIAIS AMOREADOS OBRA DENOMINADA "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME" EXPEDIENTE 2019/C003/000001

A Secretaria da lectura á Proposta de acordo, que a continuación se transcribe:

"PROPOSTA DE ACORDO

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA

AUTORIZACIÓN PARA PERCIBIR ABONO A CONTA POR MATERIAIS AMOREADOS OBRA DENOMINADA "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME". EXPEDIENTE 2016/C003/000001.

Por acordo do Pleno do Concello de Ponte deume de data 30.06.2016 acordouse iniciar o procedemento de adxudicación do expediente de contratación da obra de "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Ponte deume" expediente 2016/C003/000001.

Por acordo do Pleno do Concello de Ponte deume de data 08.11.2016 levou a cabo a clasificación de ofertas e proposta de adxudicación do expediente de contratación de obra "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Ponte deume".

Presentada a documentación solicitada e a garantía definitiva e complementaria por importe de 5% do importe de adxudicación sen IVE, despois da emisión dos informes preceptivos, por acordo do Pleno do Concello de ponte deume de data 14.11.2016 adxudicouse á empresa ACCIONA INFRAESTRUTURAS S.A. como autora da proposición máis vantaxosa para a corporación do contrato denominado "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME", sendo o prezo do contrato de 1.049.480,43€ sen IVE, 21% IVE: 220.390,89€, prezo total: 1.269.871,32€ (UN MILLÓN DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS E TRINTA E DOUS CÉNTIMOS).

Na cláusula 31.4.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares dispónse que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 216 TRLCSP e 155 e 156 do Real Decreto 1098/2011, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das administracións públicas, a condición de que se cumpran uns determinados requisitos.

De acordo co art. 216 do TRLCSP, "O contratista terá tamén dereito a percibir abonos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto do mesmo, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos, debéndose asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía"

No artigo 155 do Regulamento de Contratos, establécese o seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 155 Abonos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución a que se refire o apartado 4 deste artigo.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. A efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adjudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do abono non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarase pola dirección da obra, non podendo exceder o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

4. A dirección da obra acompañará á relación valorada un plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais.

Cando circunstancias especiais aconsélleno o órgano de contratación, a proposta da dirección da obra, poderá acordar que estes reintegros cancelense anticipadamente en relación cos prazos previstos no plan de devolución.

5. Soamente procederá o abono da valoración resultante do apartado 3 cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do abono a conta reflectido na relación valorada, procederase ao abono que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

Tendo en conta toda a documentación que obra no expediente, na cal consta a solicitude do contratista para que na certificación 1º correspondente ao mes de novembro, dispóñase na partida correspondente a conta da provisión de materiais adcritos á obra (NRE 201699900000077 de data 28.11.2016)

En toda a documentación presentada polo contratista constan certificados de recoñecemento dos materiais amoreados indicando que os mesmos se atopan a disposición de ACCIONA



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

INFRAESTRUTURAS S.A. e almacenados a recado non existindo perigo de deterioración ou desaparición, segundo as seguintes certificacións emitidas:

FERRALA MONTESALGUEIRO S.L.

TÉCNICAS APLICADAS DE GALICIA S.L.U.

SUBMINISTRACIÓNS AUXILIARES VENTILACIÓN E ILLAMENTO S.L.

ARCO GALICIA 2006 S.L.

Á devolución das cantidades adiantadas en concepto de provisións realizarase en base ao plan de devolución anexo realizado de acordo co art. 155.4 RCAP.

Tamén se achegan os avais correspondentes para garantir o importe total do material amoreado, así como o plan de devolución das cantidades anticipadas en concepto de abonos a conta ao contratista polos materiais amoreados, e que se descontarán das correspondentes certificacións, na que conste a conformidade do contratista.

- Seguro de caución 1182/00/41/2016/4158 por importe de 80.000,00€

- Seguro de caución 1182/00/41/2016/4159 por importe de 82.162,23€

Considerando que a competencia de contratación correspóndelle ao Pleno do Concello de Pontevedra de conformidade coa Disposición Transitoria segunda do Real Decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público,

PROPOÑO

PRIMEIRO.- Autorizar ao contratista para que perciba o correspondente abono a conta polos materiais amoreados, unha vez examinada a documentación xustificativa presentada polo contratista na súa petición.

SEGUNDO.- Deixar constancia da conformidade do contratista ao plan de devolución das cantidades anticipadas en concepto de bonos polos materiais amoreados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao adxudicatario.

CUARTO.- Dar conta na seguinte sesión da Comisión Informativa permanente de asuntos xerais dl Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non obstante o Pleno, adoptará o que estime oportuno

Pontevedra, 28 de novembro de 2016.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Alcalde,

Don Bernardo Fernández Piñeiro

(Asdo.)”

A Presidencia abre a quenda para o debate, e teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

Intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte (PP) para deixar constancia da falta de organización, porque todos sabían cuando finalizaban los plazos, y con esa falta de previsión indica que es imposible que los vecinos estén informados. Expone la falta de información ya que son más de cuarenta e cinco páxinas técnicas e se convocou esta sesión ás catro e media da tarde de hoxe.

De seguido, toma a palabra a portavoz do BNG-AA, Dna. Ana Veira García, quen indica que, neste caso se trata dunha cuestión técnica, que mantén o seu grupo a súa posición sobre o mercado pero neste caso indica que se trata dunha cuestión técnica que poden entenderse como atrancos e descoñecementos. Evidencia que hai un exceso de Plenos extraordinarios e urxentes e indica igualmente que houbo atrancos por outras administracións. Espera que se poidan ir interando de todas estas cuestións que xurden.

Toma a palabra o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro para indicar que se fai responsable ao alcalde de todo o que pasa no concello pero él non ten coñecementos técnicos para advertir con tempo este problema. Indica que tampouco é culpa do alcalde que o convenio se firmara o 29 de outubro. Segundo a documentación foi chegando, explica, se foi estudando e se valorou polos técnicos. Pide desculpas pola premura na convocatoria, pero na súa época [referido ao goberno do PP] non se pedían desculpas. Afirma que non hai nin punto de comparación da información que se daba coa que se da agora. E indica que ao BNG non lle escoita falar as cousas que lle escoitan a vostedes.

Intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte (PP) para contestarlle ao Sr. Alcalde que non se acorda do que dixo antes. E a concelleira Dna. María Carmen Piñeiro Varela indica que se tivo que tragar moitas palabras.

Concluídas as intervencións, sométese o asunto a votación queda **ADOPTADO por MAIORÍA de 7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo do PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Raquel Caruncho Corral e Dna. Yolanda Vázquez Busto, e **5 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do PP (3): Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela, e D. Andrés Pérez Pérez e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Autorizar ao contratista para que perciba o correspondente abono a conta polos materiais amoreados, unha vez examinada a documentación xustificativa presentada polo contratista na súa petición.

SEGUNDO.- Deixar constancia da conformidade do contratista ao plan de devolución das cantidades anticipadas en concepto de bonos polos materiais amoreados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao adxudicatario.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)


CUARTO.- Dar conta na seguinte sesión da Comisión Informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte horas do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura do alcalde e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria

Dna. Ana Ramos Ramos

V. e Pr
O alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro

